

O Pereiro de Aguiar, 10 de novembro de 2001. O alcalde. A secretaria-interventora.

### R. 12.863

\*\*\*

#### ANUNCIO

Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de recintos e infraestructuras de carácter deportivo.

Unha vez elevado a definitivo por non presentaren reclamacións, o acordo plenario do 10 de novembro de 2001, de aprobación provisional do expediente de imposición da taxa polo uso de recinto e infraestructuras de carácter deportivo, que se transcribe a continuación, e da Ordenanza fiscal reguladora desta, que se xunta como anexo deste edicto, faise público en cumprimento do disposto no art. 17.4 da Lei 39/1988, do 28 de decembro.

"Taxa polo uso de recintos e infraestructuras de carácter deportivo".

Como resultando necesario usa-los recursos económicos que establece o art. 2.1.b) da Lei 39/1988, do 28 de decembro, entre os que se encontra a referida taxa, tramitouse o expediente administrativo para impor e ordena-lo dito tributo.

Unha vez vistos os informes favorables de Secretaría e Intervención e o informe técnico-económico sobre o custo do servicio e avaliación do rendemento da taxa, por unanimidade, acórdase o seguinte:

1.- Aprobar, provisionalmente, a imposición da taxa polo uso e ordena-la na forma que regula a ordenanza cun texto que figura anexo á memoria da Alcaldía que encabeza o expediente, conforme co disposto no art. 15.1 da citada lei.

2.- Expor ó público o presente acordo e a ordenanza, tal como preceptua o art. 17.1 e 2 da mencionada lei.

3.- Elevar a definitivo este acordo se non se presentaren reclamacións contra del continua-lo expediente ata a súa conclusión, de acordo co procedemento previsto no art. 17.4 e 5 da repetida lei.

4.- A referida ordenanza entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do un de xaneiro de 2002.

O Pereiro de Aguiar, 26 de decembro de 2001. O alcalde.

*Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de recintos e infraestructuras de carácter deportivo.*

Concepto.

Art. 1.- Este Concello, nos termos e para os efectos do artigo 117, en rela-

ción co artigo 41.b), da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, establece a taxa polo uso de recintos e infraestructuras de carácter deportivo de titularidade municipal.

A presente taxa derívase igualmente da normativa que se contén na Lei 25/1998, do 13 de xullo, modificadora do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenamento das prestacións de carácter público.

Obriga de pagamento.

Art. 2.-

1. A obriga de pagamento da taxa establecida na presente ordenanza nace da utilización das instalacións municipais mediante a entrada nos recintos das devanditas instalacións, ou desde que comeza a utilización dos servicios determinados nas tarifas.

3. Estarán obrigados ó pagamento desta taxa as persoas naturais usuarias das instalacións. Tamén poderán selo as persoas xurídicas que concerten co Concello a utilización das instalacións para actividades propias dos fins destas persoas xurídicas.

Poderán utilizarse as instalacións para actividades extradeportivas, trala autorización.

Art. 3.- Tomarase como base da taxa reguladora na presente ordenanza o número de horas de utilización ou fracción destas.

Contía.

Art. 4.- A contía da taxa regulada na presente ordenanza virá fixada polas seguintes tarifas:

Pavillón de deportes

- Utilización das instalacións, 2.500 ptas./hora.

- Actividades extradeportivas, 100.000 ptas./actividade.

Art. 5.- Estarán exentos do pagamento desta taxa, con base no disposto no apartado f) do artigo 213 do RDL 781/1986, do 18 de abril, os colexios de ensinanza infantil e primaria do Concello, sempre que sexa para actividades escolares e dentro do horario escolar, ou escolas deportivas municipais.

Infraccións.

Art. 6.- As infraccións polo uso inadequado e indebido das instalacións serán sancionadas con multas pola Presidencia, na forma e contía previstas nas disposicións legais e regulamentarias vixentes.

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno do Concello na sesión do 10/11/01, entrarán en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, será de aplicación a partir do

un de xaneiro de dous mil dous, e permanecerá en vigor ata que sexa modificada ou derogada expresamente.

### R. 12.862

\*\*\*

#### RIBADAVIA

#### ANUNCIO

Dentro do período de exposición ó público do acordo provisional da aprobación da correspondente modificación da Ordenanza reguladora da taxa pola recollida de lixo, non se presentaron reclamacións.

Por isto, conforme co artigo 17.3 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, queda aprobado definitivamente o acordo provisional adoptado polo Pleno deste Concello na súa sesión do 20 de novembro pasado.

Contra o presente acordo definitivo, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da publicación destes acordos e das ordenanzas no Boletín Oficial da Provincia.

Ordenanza n.º 7

#### *Ordenanza fiscal da taxa pola recollida de lixo*

Artigo 1.º.- No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polos artigos 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa pola recollida domiciliaria de lixo e residuos sólidos urbanos que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cunhas normas que atende ó prevido no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

Artigo 2.º

1.- Dado o carácter xeral hixiénico-sanitario e de interese xeral, o servizo é de obligatoria aplicación e pagamento para toda persoa física ou xurídica que sexa suxeito pasivo da obrigación, segundo o establecido no artigo 5º da presente ordenanza.

2.- Queda totalmente prohibido o vertido de lixo en todo o termo municipal.

Artigo 3.º

1.- Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de recepción obligatoria de recollida, conducción, trasfuga, vertido, manipulación e eliminación de lixo domiciliario e residuos sólidos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, pro-